

Asociación de Amigos de Lisboa

Escrito por

Martes, 23 Marzo 2004 06:49

O próximo xoves 25 de marzo e o venres 26, no seu Camión cara Compostela pararán en Baiona un grupo de trinta persoas integrantes da ASOCIACIÓN AMIGOS DE LISBOA, entre os que estará o seu presidente o doutor Carlos Consiglieri. Nestas mesmas horas de estancia miñorana realizaranse uns actos de convivencia organizados polo INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS en colaboración con Manuel Carrera da tapar-a FAVA RICA de Baiona.

O programa de actos e o que continuación se sinala:

O acto do xoves 25 iniciárase sobre as 20 h. e en torno ás 21 h. darán comezo as intervencións que serán presentadas polo Director do Instituto de Estudos Miñoranos, Carlos Méixome. Despois da lectura dun poema rosaliano a cargo de Bárbara Pereira Meneses, intervirá Hortensia Martínez en representación do Centro Galego de Lisboa.

A continuación farao o Presidente da Asociación de Amigos de Lisboa o Doutor Carlos Consiglieri quen disertará sobre "Os galegos en Lisboa". A este responderalle o Prof. Agustín Nieto, en representación do Instituto de Estudos Miñoranos, quen falará sobre "Camos e Camémes".

O acto rematará despois da lectura do Canto primeiro de "Os Lusíadas" por parte de Silvia Penas, coa intervención de Manuel Carrera.

O venres 26, pola mañá, os amigos lisboetas cursarán unha visita a Camos, terra

Asociación de Amigos de Lisboa

Escrito por

Martes, 23 Marzo 2004 06:49

orixinaria do poeta nacional portugués Luís de Camões, para a continuación regresar a Baiona a fin de coñecer a Igrexa de Santa Liberata, a Colexiata de Baiona, o antigo Hospital de Sancto Spiritu, a casa do Concello onde serán recibidos polo Sr. Alcalde e rematar o percorrido na Praza de Pedro de Castro ou Praza da Froita.